

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

6465 *Corrección de erros da Lei orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.*

Advertidos erros na Lei orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 77, do 31 de marzo de 2015, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 7, antepenúltimo parágrafo, liña sétima, onde di: «corrupción no sector privado», debe dicir: «corrupción nos negocios».

Na páxina 10, sexto parágrafo, antepenúltima liña, onde di: «quinze anos», debe dicir: «dezaseis anos».

Nas páxinas 15-16 suprimese o penúltimo parágrafo do número XIX da exposición de motivos.

Na páxina 20, o último parágrafo do número XXVI da exposición de motivos substitúese polo seguinte: «Finalmente, inclúese a regulación da responsabilidade penal das persoas xurídicas.»

Na páxina 78, número cento cincuenta e nove, que modifica o artigo 288, onde di: «No caso dos delitos previstos nos artigos 277, 278, 279, 280, 281, 282, 282 bis, 284 e 286 bis ao 286 quinquies», debe dicir: «No caso dos delitos previstos nos artigos 277, 278, 279, 280, 281, 282, 282 bis, 284 e 286 bis ao 286 quater».

Na páxina 83, no número cento setenta e cinco, onde di: «Modifícase o artigo 326 bis, que queda redactado como segue:», debe dicir «Engádese un artigo 326 bis, co seguinte contido:».

Na páxina 86, no número cento oitenta e tres, onde di: «Engádese un artigo 345, co seguinte contido:», debe dicir: «Modifícase o artigo 345, que queda redactado do seguinte modo:».

Nas páxinas 87-88, número cento oitenta e nove que modifica o artigo 362, no número 2 do artigo 362, onde di: «... de calquera dos medicamentos, excipientes, produtos sanitarios, accesorios, elementos ou materiais mencionados no número anterior...», debe dicir: «... de calquera dos medicamentos, substancias, excipientes, produtos sanitarios, accesorios, elementos ou materiais mencionados no número anterior...»